

OBRADOIRO DE TÉCNICAS DE ESTUDO



¿EN QUE CONSISTE O OBRADOIRO DE TÉCNICAS DE ESTUDO?

Esta é a 6ª Edición do **OBRADOIRO DE TÉCNICAS DE ESTUDO** en colaboración coa FANPA. Durante estes anos axudouse a decenas de alumnos e alumnas a mellorar o seu rendemento académico dunha forma satisfactoria.

Para logralo utilízase unha metodoloxía activa e participativa, onde os participantes son os principais protagonistas. Créanse espazos dinámicos nos que prima un clima ameno e cooperativo. As actividades para ensinar as diferentes técnicas de estudo adáptanse a cada grupo, tendo en conta o desenvolvemento evolutivo e as diferentes necesidades educativas. Durante as sesións axúdase aos participantes a construír a aprendizaxe, promovendo o pensamento diverxente e potenciando a comunicación.

Hai que ter en conta que as técnicas de estudo son unha parte elemental e de gran importancia á hora de aprender. Xa que permiten ordenar o traballo, aproveitar os recursos dispoñibles do mellor modo e desenvolver novas formas de afrontar o coñecemento cara ao futuro. Cando falamos de técnicas de estudo facemos referencia ás estratexias que permiten que os estudantes poidan obter os mellores resultados a partir do desenvolvemento de diferentes habilidades ou aptitudes que lles permitan encarar mellor cada actividade ou tarefa. Ademais, as técnicas de estudo serven para poder render extraordinariamente nun exame e para comprender de forma óptima os temas.

¿QUENES SON OS DESTINATARIOS?

O **OBRADOIRO DE TÉCNICAS DE ESTUDO** está dirixido a estudantes de entre **10 e 16 anos**.



¿CAL É A DURACIÓN E O HORARIO DO OBRADOIRO?

O *OBRADOIRO DE TÉCNICAS DE ESTUDO* levarase a cabo en 8 sesións semanais cunha duración de 90 minutos cada unha. Os participantes dividiranse en **grupos reducidos de máximo 15 nenos**, en función da súa idade e dos seus coñecementos previos sobre técnicas de estudo:

GRUPO 1: OBRADOIRO DE INICIACIÓN DE TÉCNICAS DE ESTUDO*

Dirixido a alumnado de 5º e 6º de Primaria e 1º da ESO.

Horario: sábados pola mañá de 12:00 a 13:30.

GRUPO 2: OBRADOIRO AVANZADO DE TÉCNICAS DE ESTUDO

Dirixido a alumnado de 2º, 3º e 4º da ESO.

Horario: sábados pola mañá de 10:30 a 12:00.

**Ao OBRADOIRO AVANZADO DE TÉCNICAS DE ESTUDO tamén pódense apuntar todos aqueles estudantes que cursaran anteriormente o Obradoiro de Técnicas de Estudo impartido na FANPA en cursos anteriores.*

¿CALES SON OS CONTIDO DAS SESIÓNS?

Os alumnos y alumnas cubrirán unha proba de avaliación de técnicas de estudo e entregaráselles un informe personalizado cos seus puntos fortes e débiles á hora de estudar. Ademais nas sesións traballaranse as seguintes técnicas de estudo:

- Organización del estudio
- Realización de apuntes
- Comprensión lectora
- Subliñado
- Resumen
- Esquema
- Regras mnemotécnicas
- Realización de debuxos
- Mapas mentais
- Test
- Brainstorming ou Choiva de ideas
- Palacio mental ou Método Loci

Ademais, no *OBRADOIRO AVANZADO DE TÉCNICAS DE ESTUDO*, traballaranse as técnicas de estudo anteriormente citadas dunha forma máis profunda e, a maiores, abordaranse os seguintes temas:

- Repaso estudo
- Actividades para mellorar a atención
- Relaxación e autocontrol
- Exercicios mentais para mellora a memoria
- Realización de traballos escritos
- Realización de traballos en grupo



¿CALES SON OS OBXECTIVOS DO OBRADOIRO?

Ao longo do desenvolvemento das sesións preténdese lograr os seguintes obxectivos:

- Sensibilizar aos xóvenes sobre a importancia do estudo para a súa aprendizaxe.
- Fomentar a motivación dos estudantes.
- Aprender técnicas de estudo adaptadas a cada alumno/a e a cada situación e contexto de aprendizaxe.
- Coñecer as condicións e destrezas que interveñen na tarefa de estudar.
- Adestrarse no uso das técnicas de estudo.
- Aplicar as técnicas aprendidas ao estudo persoal.
- Aplicar o estudo persoal ás diferentes áreas.
- Desenvolver as capacidades individuais para a aprendizaxe.
- Identificar o estilo propio de aprender e aplicalo no estudo.
- Experimentar a aprendizaxe como unha actividade que require un esforzo que está relacionado cos resultados a alcanzar.

¿CAL É O PREZO POR ESTUDANTE?

Obradoiro completo: NON SOCIOS: 60€ (30 €/mes) // SOCIOS: 30€ (15 €/mes)

No prezo inclúense as fotocopias necesarias para traballar en cada sesión.